

ACTA

REUNIÓN DO 29 DE XANEIRO ÁS 10:30H EN ÁRBORE

PRESENTES: Simom (Alcouve da Moura), Estela (A tendiña de Estela), Lucas (Limonos molones), Hector (Da nosa horta), Carlota (Fillas da terra), Cándido (Árbore), Cris (Verxel de Coiro)

1. **Aprobación da acta anterior.** Queda aprobada por unanimidade.
2. **Proposta Fillas da Terra : crear una asociacion SPG A Gavela sin animo de lucro para facilitar el arranque de proyectos en comun.** Tener una entidad juridica en comun nos podria permitir conseguir fondos para ir a eventos o a ferias (ej eventos de la red estatal) ... Tambien ayudaria a conseguir mas visibilidad y reconocimiento del SPG. Ej de fondos Plan Leader GDR Pontevedra-Morrazo

Fálase da proposta e considerase necesario buscar máis información e volver a valorar a proposta en futuras reunións:

- **Hector e Carlota** buscarán máis información sobre a constitución e xestión das asociacións
- **Cándido** buscara axudas máis alá das que ofrecen os concellos. Precisamos estudar en que concello tería máis interese crear a asociación

3. **Organizacion evento Red Estatal Murcia. Quien va? Que participacion del SPG en la red estatal?**

Hai interese por participar?, A vindeira reunión é o 10-11-12 de Febreiro en Murcia.

Faise unha rolda e consideramos que non temos o tempo ou o ánimo suficientes para facer este esforzo (incluíndo participar nas reunións virtuais). E neste sentido concluímos que este non é o momento para a Gavela, e isto non quita que no futuro esta situación mude.

Igualmente, decídese que si Bea ou outras persoas quixeran participar, o SPG faríase cargo do desprazamento.

4. **Proposta de novo Regulamento de Réxime Interno.** Na pasada reunión presentouse unha nova proposta de Regulamento Interno que deberíamos valorar e de ser o caso aprobar. [Enlace a proposta de Regulamento](#)

A proposta apróbbase por unanimidade coas seguintes modificacións:

- As persoas individuais poden participar no SPG (nas asembleas ou nas visitas) aínda que formalmente non formen parte do SPG
- As follas de autoavaliación dos proxectos entregaranse na primeira asemblea de cada ano
- Como mínimo, as integrantes do SPG deben participar en dúas asembleas ao ano

5. **Alta de Abraham González “Eido da presa” (Arbo) como membro do SPG.** Eduardo e Cándido fixeron a visita neste mes de Xaneiro despois de que Abraham enviara a

documentación. [Enlace á documentación](#)

Cándido explica que durante a visita que fixo con Eduardo, ambos consideraron que “O Eido da presa”, e a outra finca que visitaron, e as prácticas de Abraham son compatibles cos principios do SPG.

Apróbase a alta por unanimidade.

6. **Contas.**Pago das cotas.

O deixamos para a vindeira asemblea posto que Ánxeles non puido asistir a esta.

7. **Resposta aos correos recibidos no enderezo da Gavela**

Revisamos a información reenviada por Ánxeles e poñemos as respostas no Telegram do grupo.

8. **Lugar da próxima asemblea.** Abraham (Eido da presa), Arbo, 30 de Abril ás 10:30h